| DNI / NIE da persoa solicitante, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| NIF da entidade representante, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| NIF da entidade solicitante, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Información do Imposto de Actividades Económicas Ampliado                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Información do Rexistro Electrónico de Apoderamentos de Galicia (REAG), no caso de que se trate de persoas xurídicas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao corrente de pago coa Consellería de Facenda e Administración Pública, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Os documentos de non ter inhabilitacións para obter subvencións e axudas, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Resolución de concesión doutras subvencións e axudas, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Datos de constitución, estatutos e administradores, no caso de solicitantes inscritos no Rexistro Mercantil, só no caso de opoñerse expresamente á consulta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Datos do titular real do perceptor do financiamento da Unión, no caso de que se trate de persoas xurídicas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

(Formulario)

Este formulario en papel non é válido para a súa presentación

## 15. PROTECCIÓN DE DATOS

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable do tratamento                                              | Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Finalidades do tratamento                                              | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Lexitimación para o tratamento                                         | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia. |
| Destinatarios dos datos                                                | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de Organismo Intermedios dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 72, apartado 1, 74, apartado 1, e 81 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento                                                                                         |
| Exercicio de dereitos                                                  | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |

## 16. NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>.

Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, logo de identificación mediante certificado.

| Teléfono  | Email             |
|-----------|-------------------|
| 607884801 | email@empresa.com |

(Formulario)

Este formulario en papel non é válido para a súa presentación

## 17. DECLARACIÓN

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do IGAFE.

**DECLARO QUE** a empresa solicitante:

- ☐ Cumpre coa obriga de depósito no Rexistro Mercantil das contas anuais correspondentes ao último exercicio coa obriga de depósito, segundo os artigos 366 e 368 do Regulamento do Rexistro Mercantil (RD 1784/1996, do 19 de xullo) e o artigo 279.1 do texto refundido de Lei de sociedades de capital.
- ☐ As empresas proveedoras non están asociadas nin vinculadas entre si nin coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación entre empresas se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 e o artigo 43.2 do Decreto 11/2009 que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomárase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos apartados 2 e 3 respectivamente, do artigo 3 do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (RSEC).
- ☐ Non é unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 (RSEC).
- ☐ Non iniciou os investimentos e que non existe acordo irrevogable para realizar o proxecto.
- ☐ Asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como o deber de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude a través do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA).
- ☐ Non está suxeita a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia dunha decisión da Comisión Europea que declarase a axuda ilegal e incompatible co mercado común.
- ☐ Cumpre a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade, así como a normativa medioambiental exixible, en particular a normativa reguladora da Rede Natura 2000 e demais espazos naturais protexidos e a Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental e o Real Decreto Lexislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, no caso de que resulte de aplicación polas características ou ubicación do proxecto, esta última, segundo o anexo V a estas bases.
- ☐ Ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda e garantir a sostibilidade financeira do proxecto no caso de investimentos produtivos. No caso das liñas 2 e 3, esta declaración acompañarase dunha memoria descritiva dos recursos e mecanismos financeiros dos que dispón a empresa para cubrir os custos de funcionamento e mantemento da operación para garantir a súa sostibilidade financeira.
- ☐ Manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.
- ☐ Conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante o prazo de cinco (5) anos a partir do 31 de decembro do ano no que o Igape efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria.
- ☐ Para solicitudes das liñas 2 e 3, que terá unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manterá as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinadas ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante o período de cinco (5) ou tres (3) anos, segundo se trate de grandes empresas ou de pemes respectivamente. O dito prazo contarase desde a data do último pago á persoa beneficiaria, en aplicación do artigo 65 do Regulamento (UE) 2021/1060 (RDC). No caso da liña 3, o prazo contarase desde a finalización do investimento, en aplicación do artigo 14.5 do Regulamento (UE) nº 651/2014 (RSEC). No caso de bens inscrites nun rexistro público, o prazo será de cinco (5) anos para todas as empresas.
- ☐ No caso de proxectos que consistan en infraestruturas cuxa vida útil sexa como mínimo de cinco (5) anos, que se compromete a garantir a protección fronte ao cambio climático de acordo con o establecido no artigo 73.2.j do Regulamento (UE) nº 2021/1060 (RDC). Para iso deberá ter en conta as Orientacións técnicas sobre a defensa contra o cambio climático das infraestruturas para o período 2021-2017 (Comunicación da Comisión 2021/C 373/01, DOUE 16/09/2021) e a Guía de apoio para a implementación da proba climática de infraestruturas de Galicia, dispoñibles nesta ligazón: <https://igape.gal/es/guia-climate>.
- ☐ Cumpre o principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (principio "do no significant harm" – DNSH), establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 (RDC), isto é, que as actuacións promovidas non causen prexuízos significativos nalgúns dos seis (6) obxectivos medioambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852.
- ☐ Cumpre os prazos de pago previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando as persoas solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da dita Lei 3/2004.
- ☐ Para os proxectos da liña 3, que achegará unha contribución financeira aos investimentos, exenta de calquera tipo de axuda pública, de polo menos un 25% dos custos, ben sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo non se reubicou, nos termos do artigo 2, punto 61) bis, do Regulamento (UE) 651/2014 (RSEC) no establecemento no que terá lugar o investimento inicial para o que se solicita a axuda nos dous (2) anos anteriores á solicitude de axuda, e que se compromete a non facelo durante un período de dous (2) anos desde que se completara o investimento inicial para o que se solicita a axuda. Para o caso das agrupacións de empresas, a empresa líder fará estas declaracións respecto de si mesma e de cada empresa integrante da agrupación, para o que deberá facerse constar a pertinente autorización no documento de constitución da agrupación e acompañando o modelo anexo IV destas bases.
- ☐ **DECLARO QUE** os datos desta solicitude son certos e exactos.